

ESCOLA DA VIDA

Sexo, drogas? e series de tv

04.07.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

As persoas somos seres sociais e, como tales, influenciábelos polo noso contorno. Pero cando falamos de mecanismos de socialización masivos, xa non estamos falando unicamente de interaccións persoais máis ou menos controlables por nós ou polos nosos achegados, senón por individuos que son anónimos e que responden a conceptos de socialización marcada por intereses que nos son alleos, e incluso, impenetrables. Este é o caso da televisión.

Para mostra un botón. As televisións que emiten en España seguen unhas preferencias inequívocas: darlle morbo ao espectador para mantelo fronte á pantalla en calquera momento do día, e deste modo venderlle publicidade sen parar e, así, facer caixa. Iso leva a unha falta de respecto a calquera ética: emiten programas de adultos en horario infantil, escaravéllan na vida allea sen o menor pudor,? Pero o que máis doe, educativamente falando, é que les transmiten valores desaxeitados a persoas que están aínda en período de formación e para iso non se paran en ningún tipo de consideración. A escola, o instituto ou internado educativo son seleccionados como contextos de socialización de accións que a maioría das veces están afastadas deles. Series como *Al saír de clase*, *Física o Química*, *El internado?* explotan o morbo polo sexo, polas drogas, polas marcas comerciais, etc. incidindo nunha poboación sen preparación previa para interpretar reflexivamente as mensaxes, polo que as incorporan as súas vidas como unha cousa normal. E todos sabemos que o que entra polos ollos funciona mellor que calquera consello dado por un pai, un adulto ou un profesor. A este último, ademais, roubáronlle o seu espazo educativo, ninguneándoo, pois póñeno nun segundo plano, caseque como un mero accesorio, como pode ser o decorado das presuntas escolas. E cando non, lle poñen en interdicto a súa función ou a súa autoridade no centro, pois aparece como un máis, con problemas aos que non lles sabe dar solución. Vaia, que é un adolescente máis!

Hai solución para isto? Pois sí, como para case todo. De feito, xa hai asidados compromisos éticos entre as televisións que emiten estes programas e os Ministerios e Consellerías que son responsables da supervisión dos medios de comunicación en forma de convenios. Pero parece que, despois de quitar a foto, todo o mundo lles dá as costas.

Se queremos que os nosos fillos, alumnos e mozos teñan unha formación conforme aos nosos intereses sociais e non aos que motiva outros, só hai un camiño: non deixar que os demais os manipulen e demandar das Administracións que o asinado non sexa papel mollado..